



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Nomeamento persoal laboral fixo da OPE extraordinaria de estabilización do Concello de Negreira

ANUNCIO

Con data de 05 de agosto de 2025 ditouse o Decreto de Alcaldía número 267/2025 cuxo contido é o seguinte:

Teresa Duro Leis, Alcaldesa en funcións do Concello de Negreira

Vistas as Bases xerais e específicas que regulan as convocatorias do proceso de selección correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Negreira incluídas na Oferta de emprego Pública extraordinaria publicadas no BOP nº243 do día 26 de decembro de 2022.

Vista a acta final e a proposta de nomeamento formuladas por unanimidade polo Tribunal cualificador (na xuntanza de data do 14 de xullo de 2025 e publicadas o 21 de xullo) encargado da selección da praza que a continuación se detalla pertencentes á convocatoria da OPE extraordinaria para a estabilización do emprego temporal no Concello de Negreira, sendo o resultado o que segue, onde se propón á Alcaldía o nomeamento do seguinte persoal laboral fixo estando toda a documentación completa e presentada no prazo establecido ao efecto.

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como comprobada a documentación requirida no punto décimo terceiro das referidas bases xerais que regulan o devandito proceso, resolveuse o seguinte:

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear ao seguinte persoal como persoal laboral fixo:

NOME E APELIDOS	DNI	Praza
CARMEN PATRICIA CALVELO REYES	*****469-Y	Auxiliar SAF

Segundo.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincial, tal e como se establece no punto décimo quinto das Bases Xerais do referido proceso.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á aspirante nomeada no proceso de estabilización para a formalización do preceptivo contrato de traballo, o cal se efectuará dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación do nomeamento no BOP.

Cuarto.- Dar conta deste decreto ao Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que celebre.

En Negreira, 04 de agosto de 2025.

A Alcaldesa en funcións

Teresa Duro Leis

2025/5255